

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I0GN	<i>Expediente</i> CON/62/2018	<i>Fecha</i> 22-02-19 11:55

Número 15 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio territorial relativa á adxudicación do contrato de "Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla.Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018"."

Destinatario

15078DCMG13I0GN4



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de febreiro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 15 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO EDIFICIO MULTIUSOS EN LAVACOLLA.PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2018"."

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, da proposta de data 23 de xaneiro de 2019, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2019/65 de data 19.2.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla.Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018"", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1310GN	CON/62/2018	22-02-19 11:55

EXPÓN:

Primeiro: Con data 20 de decembro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador OBRAS GALLAECIA SL.

Segundo: Con data 22 de xaneiro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS GALLAECIA SL (CIF: B70018981), por un importe de **213.664,45 euros** (IVE aparte 21%: 44.869,53 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de catro anos.

Designase como técnico municipal supervisor do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 93302 62200."**

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de **"Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla.Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018"** a favor da empresa OBRAS GALLAECIA SL (CIF: B70018981), por un importe de **213.664,45**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310GN	<i>Expediente</i> CON/62/2018	<i>Fecha</i> 22-02-19 11:55

euros, (IVE aparte 21%: 44.869,53 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, comprometer unha ampliación do prazo de garantía de catro anos.

Desígnase como técnico municipal supervisor do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 93302 62200**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández